



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 14 DE XUÑO DE 2016.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día catorce de xuño de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 04.05.2016,
18.05.2016 E 31.05.2016)**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados día 4, 18 e 31 de maio de 2016, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobada pola unanimidade dos presentes nelas.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 3.684 de data 8 de xuño de 2016, remitido polo DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, comunicando as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia no campo da seguridade viaria en resposta ó escrito remitido dende este Concello sobre adaptación dos gardarraís á normativa europea.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 3.439 de data 2 de xuño de 2016, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA xuntando copia da resolución de remate de control arqueolóxico da corta de madeira na subida ó Torroso.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 3.- ACORDOS

Vista a Resolución do 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para a mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar as axudas reguladas nestas bases para o proxecto "Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación pública exterior das rúas: Avda. de Galicia, O Coruto, As Cachadas, Carballidos e Carretera Circunvalación."

A Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle a Deputación Provincial de Pontevedra a sinatura dun convenio para subvencionar a realización do seguinte proxecto: "Actuacións sendeiro azul - A Guarda" cun ozamento de execución de 13.631,80 euros.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MAIO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 11 de maio de 2016 comunicando o auto ditado o 2 de maio de 2016 polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza de execucion de sentenza dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 364/10 entablado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO contra a desestimación presunta das solicitudes con entrada o 9 de xuño e 8 de outubro de 2007 formuladas polo recurrente interesando a suspensión dos efectos de dúas licenzas de obras concedidas o 27 de decembro de 2006 a Unifamiliares de Bouzas, S.L. e o 28 de setembro de 2007 a Promomiño 2006, S.L. e a súa remisión ó orde contencioso-administrativo para a súa anulación, así como de revisión de oficio.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica e acorda non entablar recurso de apelación e dar traslado ó departamento de urbanismo para a súa constancia no expediente.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello da Guarda de data 8 de xuño de 2016, comunicando a acta de conciliación aprobada o 06 de xuño de 2016 plo Xulgado do Social nº 4 de Vigo nos autos do procedemento ordinario nº 747/2015 entablados por Dna. Araceli Martínez Fajar sobre indemnización por accidente laboral contra o Concello da Guarda e a Entidade Mapfre Seguros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da acta de conciliación de data 6 de xuño de 2016 e acorda dar traslado da mesma ós departamentos de Tesourería e Intervención así como ó órgano competente para que ordene o pago da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

(Neste momento abandona a sesión o Sr. Rodríguez González)

O Sr. Alcalde da conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de fixación do prezo público polo Campus de Tecnificación Deportiva do Concello da Guarda, esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Fixar o prezo público polo Campus de Tecnificación Deportiva organizado polo Concello en 60 euros en aplicación do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais .

Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 30 días hábiles que empezarán a contar a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar dita proposta.

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de fixación do prezo público polo Campamento Urbano de verán, esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Fixar o prezo público polo campamento Urbano de Verán 2016 organizado polo Concello en 60 euros en aplicación do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais .

Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 30 días hábiles que empezarán a contar a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos membros presentes, aprobar dita proposta.

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero, ano 2016, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, ACORDA:

- a) Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto "IGUALANDO".
- b) Solicitar a cantidade de 1.975,00 euros para a realización da actividade.
- c) Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- ASUNTOS URBANÍSTICOS

4.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 7.402/2015.- D. ELIAS GONZÁLEZ LOMBA, PARA NIVELACIÓN DO TERREO DE 2 FINCAS QUE ESTÁN A DISTINTO NIVEL CUNHA ALTURA MÁXIMA DE RECHEO DE 40 CMS., REALIZACIÓN DE MURO CON PEDRA A UNHA ALTURA DE 50 CMS. CONTRA O CABANÓN DO VECIÑO, REALIZACIÓN DE SOLEIRA DE FORMIGÓN DE 10 CMS. NUNHA SUPERFICIE DE 220 M². CON CAIDAS PARA SAÍDA DE AUGAS PLUVIAIS, E PECHAR CON PORTA O PASO DA ENTRADA DA FINCA CON FRENTE Ó CAMIÑO PRINCIPAL (PARCELAS Nº. 69 E 322 DO POLÍGONO Nº. 27), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 166/2016.- D. ROSENDO ESPERANZA GONZÁLEZ, PARA REALIZACIÓN DE CUBERTA SOBRE TERRAZA (CUBERTA PLANA) EXISTENTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR, CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 33,88 M²., REALIZACIÓN DE TABIQUE PALOMERO EN 6,8 M². E ILLANTE DE 3 CMS. EN 30 M²., SITA NA RÚA DE 1º TRV. PORTELA-AMÓ Nº. 11, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 481/2015.- D. MANUEL GONZÁLEZ SILVA, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE POR VIGUETAS DE FORMIGÓN, PLANCHAS DE URALITA E TELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS, SITO NA RÚA DE A PORTELA Nº. 38, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.905/2016.- D^a. MARÍA EMILIA MORALES VICENTE, PARA SANEAMENTO DE CAEIRO EXISTENTE NUNHA LONXITUDE DE 9,00 MTS. E CAMBIO DE 2 VENTAS TIPO "VELUX" E REMATES DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIXADA A SAN CAETANO Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.089/2016.- H. BRUSELAS, C.B., PARA REFORMA E MODERNIZACIÓN BAÑO DA HABITACIÓN Nº. 208 DA PLANTA SEGUNDA DO HOTEL BRUSELAS, SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.099/2016.- D. JUAN CARLOS LÓPEZ SOBRINO, PARA REFORMAS NO LOCAL COMERCIAL DENOMINADO "LÓPEZ SOBRINO FARMACIA", CONSISTENTES EN CAMBIO DE PORTA EXTERIOR POR UNHA AUTOMÁTICA, FORRADO DE FACHADA EN CHAPA ALUCOBOND, INSTALACIÓN DE RÓTULO, RENOVACIÓN DE SOLADO INTERIOR CON TARIMA FAUS NUNHA SUPERFICIE DE 52,00 M². E PINTADO DO LOCAL, SITO NA PRAZA DE SAN BENITO Nº. 7-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 2.366/2016.- D. CARLOS VICENTE MARIN CASCUDO, PARA REPARACIÓN URXENTE DE BALCÓNS POR DETERIORO DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 75, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.389/2016.- D. MARIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, PARA REPARACIÓN DE PAVIMENTO E PINTADO DO SOLO DO GARAXE SITO NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA Nº. 28, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.475/2016.- D. ALBERTO MARTÍNEZ CADILLA, PARA CAMBIAR ACOMETIDA POLO FRONTAL DA FACHADA PARA SUMINISTRO DE AUGA O PISO 3º DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 21, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.621/2016.- D. MIGUEL ÁNGEL PÉREZ ROCHA, PARA PECHER FRONTAL PROVISIONAL NUNHA LONXITUDE DE 20,00 MTS. REALIZADO CON POSTES DE MADEIRA E REDE GANDEIRA, SITO NA RÚA DE TRV. JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 9 (PARCELA 346-POLÍGONO 30), EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.650/2016.- Dª. SONIA ALONSO ESTÉVEZ, PARA RECOLOCACIÓN E POSTERIOR FIXACIÓN CON ESPUMA DE POLIURETANO E GANCHOS INOX A TELLA CURVA MOVIDA POLO TEMPORAL NUNHA SUPERFICIE DE 60 M²., NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CRUZ DA MONXA Nº. 1, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.999/2016.- D. GABRIEL GONZÁLEZ OTERO, PARA REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS AFUNDIDAS EN SOPORTAL DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE A CAL Nº. 14 CON FONDO A PRAZA DE SAN BENITO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

4.2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 3.455 de data 3 de xuño de 2016, presentado por D. AQUILINO RODRIGUEZ VAZQUEZ, con enderezo na rúa Paseo de Portugal, nº 77 de A Guarda, solicitando a paralización do seu expediente nº 2.863/2016.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día da data, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.